



Eleccións dos membros do Consello Escolar do IES “Lamas de Castelo” - 2021

ELECCIÓNS DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 29 de setembro de 2021), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 pai/nai**, dun total de un que debe ter o Consello Escolar.
- 2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios que se atopa en conserxería. As **reclamacións ao referido Censo** realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 14.00 horas do día 12 de novembro**.
- 3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o **modelo** que se facilitará na **Secretaría** do Centro. As **candidaturas** poderán ser presentadas **ata as 14.00 horas do día 13 de novembro**.
- 4.- O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase na 2ª reunión da Xunta Electoral, entre os pais/nais ou, se é o caso, os titores legais que non se presenten como candidatos, o día **15 de novembro, ás 11.10 horas**. Dita mesa electoral estará composta polo Xefe de Estudos do Centro, que exercerá a presidencia, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario/a o de menor idade.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o 4 ao 13 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos /as candidatos/as, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Centro. O día 21 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.
- 7.- As **votacións** realizaranse neste Centro o día **22 de novembro, de 16:30 a 18:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16:20 horas.
- 8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo 3 nomes dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e indelegable e non se admitirá o voto por correo.
- 9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal do alumnado.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
UNIVERSIDADE

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tif.: 881867200 – Fax: 881867205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
<http://edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo>



IES LAMAS DE CASTELO

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, 2 de novembro de 2021.

O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo: Iván Díaz Millaverde